

REXISTRO OBRIGATORIO DE EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS DE AUTOCONSUMO (GALIÑEIROS)

Don **Xosé Manuel Fernández Abraldes**, Alcalde-Presidente do Concello de Barro, **fai saber que:**

O novo Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, establece as normas básicas de ordenación das granxas avícolas e obriga ao rexistro das explotacións avícolas de autoconsumo. É por isto que **todas as persoas que contén cun galiñeiro na súa vivenda teñen a obriga rexistralo no Servizo de Sanidade Animal da Xunta de Galicia.**

Para facilidade da veciñanza de Barro, o concello puxo a disposición nas oficinas municipais un modelo do documento que hai que presentar (MR501A) e **que se poderá presentar a través do Rexistro do Concello**, sen necesidade de acudir ás dependencias da Xunta de Galicia. Para realizar este trámite é imprescindible achegar o DNI.

Esta comunicación tamén se pode realizar a través de medio electrónicos. Para consultas relacionadas con este tema pódese contactar co Servizo de Gandaría de Pontevedra no teléfono 886 206 569.

En Barro, a 11 de setembro do 2024

Xosé Manuel Fernández Abraldes
Alcalde de Barro

